



## **CIRCULAR 2-2018**

- A todas as Delegacións (\*)

- A todos os assembleistas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

### **XI CAMPIONATO DE GALICIA DE MARATÓN**

A Coruña, 15 de abril 2018

**Art.1)** A Delegación da F.G.A na Coruña organiza o XI Campionato de Galicia, Promesa/sub23 (1996, 1997, 1998), Absoluto (1995 e anteriores) e Máster (dende que cumplan 35 anos) individual e por clubs de Maratón que terá lugar na Coruña o vindeiro domingo **día 15 de Abril** do 2018.

**Art.2)** Poderán participar todos atletas das citadas categorías que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo durante a tempada actual (2017/18) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Art.3)** O percorrido para a carreira de Maratón está situado no centro urbano da cidade da Coruña. A saída está prevista para as 8:30 na zona do Cantón Grande.

**Art.4)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 23:59 horas do 1 de abril do 2018.**

**Art.5)** Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría e trofeo os tres primeiros clubs masculinos e femininos sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará nin as medallas nin os trofeos. A clasificación por clubs farase tomando como base a suma de tempos conseguidos polos tres primeiros atletas de un mesmo club (dos cales só un pode ser estranxeiro). En caso de empate na clasificación o gañador será o club cuxo último corredor que puntúe quede millor clasificado.

**Art.6)** Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma poderá ser motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal. A organización non facilitará imperdibles.

**Art.7)** A organización establecerá distintos controis polo circuíto para o paso dos participantes.



**Art.8)** A carreira estará controlada polo Comité de Xuíces. Tódalas reclamacións deberán facerse directamente ó xuíz árbitro da proba como máximo ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

**Art. 9)** Por cuestións organizativas fíxase un tempo máximo para percorrer a distancia de 5 horas e 30 minutos dende o comenzo da proba. Así mesmo, **establecerase un tempo de 2 horas e 45 minutos para o paso polo medio maratón**. Pasado o tempo correspondente tanto ao primeiro tramo da carreira, como a distancia total, á persoa participante que sigan en carreira deberá retirarse do circuíto oficial de competición.

**Art. 10)** Os atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas con identificación que estará aberta entre ás 8.00 e 8.15. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do atleta agás casos debidamente xustificadas. O horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función do número de inscritos.

**Art.11)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, puidendo ser esta denegada.

**Art.12)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas da F.G.A. (ver normas técnicas 2017-2018), da R.F.E.A. e da I.A.A.F. por esta orden

A Coruña, 5 de xaneiro do 2018

Dolores Rojas Suárez  
Secretaria Xeral